

A DISTRIBUCIÓN DA FAIA E A SOBREIRA NA PENÍNSULA IBÉRICA



Velaquí dous mapas de España coa división provincial que representan a extensión superficial de dúas especies vexetais, sobreira e faia. Os dous mapas proceden da publicación de R. Méndez e F. Molinero “*Geografía de España*”. Trátase de dous mapas temáticos cualitativos (definen cualidades non relacionadas con cantidades) e corocromáticos; son o tipo de mapa máis utilizado en xeografía física.

Nos mapas aparece a superficie de faias e sobreiras en dúas rexións: a faia exténdese pola rexión eurosiberiana (tamén atlántica) no bosque temperado oceánico caducifolio, e tamén na cordilleira pirenaica ata una altura de máis de 1000 metros (a rexión borealpina comezaría a partir dos 1200-1300 m); a sobreira sitúase na rexión mediterránea caracterizada polo bosque perennifolio e a matogueira.

Hai tres elementos básicos que son as precipitacións, os solos e a altura coa súa influencia sobre a temperatura. A *sobreira* (*Quercus suber*), extendido na rexión mediterránea caracterizada desde o punto de vista climático por una estación seca e calorosa, necesita máis de 500 mm o ano (de aí a súa extensión en Extremadura, Cáceres ten una media de precipitacións anuais de 523 mm, e no occidente de España). Tampouco tolera invernos fríos e prefire solos silíceos como os existentes no Oeste da Península. Sobreira e aciñeira forman o bosque típico mediterráneo. A *faia* (*Fagus sylvatica*) pertence a rexión eurosiberiana de bosque caducifolio. Tolerá mal o calor e ben o frío polo que crece mellor na cordilleira Cantábrica nas ladeiras orientadas o Norte. Na rexión atlántica, a faia combínase en bosques mixtos con carballos e coníferas. Necesita gran humidade de aí a súa extensión no mapa pola cordilleira Cantábrica e os Pirineos. Prefire os solos calcarios, mais adáptase os silíceos. Este factor e tamén visible no mapa.

A faia prefire solos calizos; esixe humidade e soporta ben o frío, mais non as elevadas temperaturas, de aí o restrinxido da súa extensión. O seu sotobosque é pouco abundoso. Os faias son moi esixentes en humidade (900 mm de precipitación ao ano, dos que 150 mm deben ser en verán) e se a precipitación estival é irregular ou insuficiente debe compensarse con néboas

ou unha meirande dispoñibilidade de auga no solo. Canto á temperatura, a faia é sensible ás xeadas tardías, e acondiciónase a espazos con oscilación térmica inferior a 15°C. Ambientalmente, adáptanse ben a áreas de elevada pendente e altitude entre 300 e 1.700 m.

A sobreira é unha especie que precisa solos silíceos. A súa área de distribución é a mediterránea, con veráns secos sen apenas precipitacións e con altas precipitacións; os invernos soen ter temperaturas suaves e precipitacións abundantes polo xeral, irregulares no tempo. Prefire áreas con temperaturas medias superiores aos 18°C e climas que superen os 40°C de máxima; canto ás precipitacións anuais, o ideal da sobreira está entre 600 e 1.000 mm anuais, se ben se adapta a climas con máis de 400 mm de precipitación anual. O sotobosque dos sobreirais é de xarais-brezais heliófilos. Moitos sobreirais foron destruídos a causa da roturación agrícola; a especie tamén diminúe a súa presenza en función do incremento do pastoreo. Só en tempos recentes a valoración de aspectos medioambientais permite o estancamento na destrución de sobreirais. Están presentes en áreas limitadas: SO. e NE. peninsular e a provincia de Castellón. Desta árbore, ademais de madeira, aproveitase a codia para a obtención da cortiza.

Tradicionalmente, as dúas especies tiveron un importante aproveitamento económico. A madeira dura e densa da sobreira foi utilizada para a fabricación de toneis e barcos. Os froitos da sobreira son moi apreciados pola súa landra para a alimentación do gando. Pero a cortiza é o principal aproveitamento da árbore. Esta cortiza tiña como función a de protexer a árbore dos incendios e pódese extraer cada 9 anos. Utilízase para a fabricación de tapóns, colmenas, parquets, illantes, calzado, etc. En Extremadura a preparación da cortiza é una das principais actividades industriais.

A madeira da faia é tamén moi apreciada na carpintería interior, mobiliario e ebanistería. Con ela fábranse portas, tarimas, frisos, molduras chapas decorativas e taboleiros contrachapados industriais.